Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# REVISTA ESCOLAR

Nº 39 XUÑO 2020

# ESTACIÓN VELLA

Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
Membro Escola Asociada UNESCO
C.E.P. CAMPOLONGO
Bibliotecas escolares de Galicia






PROMOCIÓN 2014-20

# SUMARIO


ÍNDICE …......................................................3

OUTONO …......................................................4

ÁRBORES CAMPOLONGO ….....................................5

O RÍO GAFOS …................................................6

MAGOSTO …................................................... 8

SAMAÍN …........................................................10

TROMPADA …................................................... 11

DESPLASTIFÍCATE …........................................... 12

DÁLLE A LINGUA CON ONDA CERO RADIO …................. 14

CURIOSIDADES DO MUNDO DA ARTE …...................... 16/18

O NOSO RUEIRO. …............ …............................ 17/51/58

VALENTINA TERESHKOVA …................................... 18

ROSETTA …..................................................... 19

BILBIOTECA …......................................... …..... 20/50

EXPERIMENTOS CASEIROS .................................... 21

NADAL …....................................................... 24

MIILA/DAFIS/CROSS ........................................... 26

ENTROIDO …................................................... 30

CADROS VIVOS. …........................….................. 31/37/54/61/62

SALÓN DO LIBRO – MODA CON HUMOR …................... 32

XVIII EXPOSICIÓN DA CAMELIA …............................ 38

CONFINARTE …................................................ 40

O NOSO ECOSISTEMA …....................................... 45

RÉPLICAS DE CADROS …....................................... 46

DÍA DO LIBRO …................................................ 48

O MAIO CONFINADO …......................................... 52

LETRAS GALEGAS. CARVALHO CALERO …................... 55

AGASALLOS …................................................. 59

ANPA …......................................................... 60

REVOLTO DE FOTOS …......................................... 61

TAREFAS CONFINAMENTO E.F. …............................ 62

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# O Outono

























# ÁRBORES DE CAMPOLONGO - Noelia Q. S. (5ºB)

## Nome científico: Populus alba L.

**Nome galego:** Choupo branco

**Nome castelán:** Álamo, chopo blanco

**Orixe:** Europa central, Asia central e norte de África

Árbore de folla caduca que pode crecer ata os 30 m de altura. Cortiza blancuzca con marcas negras en forma de rombo, grétase e escurece coa idade.

Follas de forma variable, poden presentar de 3 a 5 lóbulos ou ser case redondeadas, dentadas e de cor verde escura polo feixe e blancuzcas polo envés.

Flores en péndulo, as masculinas de cor vermella e as femininas de cor verde.

Atópase sobretodo en zonas húmidas, a miúdo preto dos ríos. Tamén se utiliza moito como árbore ornamental en parques.



## Nome científico: Liquidambar styraciflua L.

**Nome galego:** Liquidambar americano

**Nome castelán:** Liquidambar americano

**Orixe:** Este y sudeste de Estados Unidos

Árbore de folla caduca e de gran altura. Copa primeiro de forma cónica e despois máis ancha e bombeada.

Ramas dispostas horizontalmente ou lixeiramente cara arriba.

Cortiza lisa nos exemplares de pouca idade e moi acanalada nas árbores adultas.

Follas palmeadas, que no outono adquiren unha coloración púrpura, vermella e laranxa.

Árbore moi utilizada como ornamental nos parques e xardíns das cidades.



## Nome científico: Ginkgo biloba L.

**Nome galego:** Ginkgo

**Nome castelán:** Ginkgo

**Orixe:** Procedente de China

É a árbore máis antiga sobre a terra.

Árbore de folla caduca que pode chegar aos 25 m de altura. Ten unha copa bastante voluminosa.

As follas teñen unha forma moi singular, pois teñen forma de abanico e están unidas ás ramas por un longo peciolo.

O froito é unha especie de ameixa de cor amarela, de cheiro moi desagradable. En Xapón cómenos tostados.



# As nosas preguntas sobre o río "Ghafos"








Que significa a palabra Gafos? - Cales son árbores máis importantes da ribeira dos ríos galegos? - Cales son os muíños da zona urbana ? —Como se chamaba o muíño que había dentro do recinto do colexio de Campolongo e do Crespo Rivas? - Que significa Gorgullón? - Cal é o afluente máis perto ó muíño de Cabanas? - Cales son as partes máis importantes dun muíño ? - Desde que ano está cuberto o río na zona de Campolongo? - Que outros nomes tiña o río na zona de Campolongo? - Que planta se atopou polo río Gafos que é endémica desta zona? - Cal é a lonxitude do río ? Cal é a lonxitude da parte cuberta? - Cales son lendas que temos no río ? - Cal é a árbore máis alta da zona urbana do río ? - Cal é a árbore onde podemos ver carrabouxos? - Que diferenza hai entre un niño de morcego a un de paxaro dos que colocou a Asociación Vaipolo-río? - Quenes son os Trubincos? E o Demo Asubiador ? - Cales son as plantas e árbores invasoras máis importantes no río ? - Onde nace o río ? - Cales son as árbores representativas das Brañas? E das Fragas? E dos soutos? Nos consellos sobre unha marcha quen debe ir primeiro nun grupo grande? .—Que diferenza hai entre unha cascada e unha fervenza? .

[Respostas no blog GHAFOS]

# RÍO GAFOS - Por Celia L. F. (5ºB)




O río Gafos nace en Figueirido (Vilaboa) e desemboca na ría de Pontevedra, logo de percorrer algo máis de 10 Km. Debe o seu nome a un hospital de leprosos que houbo na Boa Vila fai tempo. A imaxe representa unha pequena parte do tramo final pola zona urbana do concello.

**50 anos soterrado.** Este ano 2020 cúmprese medio século do soterramento do tramo que vai entre as rúas Alcalde Hevia e Xeneral Rubín. Son 800 metros que discurren baixo unha zona axardinada e chea de vida por mor dos centros educativos infantís que hai nela.



Malia a súa proximidade a importantes núcleos urbáns e obras públicas, o Gafos mantén unha grande biodiversidade que lle permite contar coa presenza de animáis como **lontras.**

Proba delo foi a declaración de espazo natural de interés local (**ENIL**) en 2019 pola Xunta de Galicia, o que significa que a súas singularidades fano merecedor dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

Actualmente o proxecto para destapar o treito soterrado do río atópase na fase final do estudo de viabilidade. A intención do Concello é rematar o proxecto e devolver o Gafos ó aire libre antes de que conclúa a lexislatura..



**Boa sorte, río Gafos!**

Maqueta dun dos proxectos






Moita sorte tivemos co tempo, choveu toda a semana anterior e a seguinte,
e xusto escampou o día do Magosto, non se meternos algún susto con algún pequeno orballo no inicio da mañán. Despois quedou un espectacular día de outono, fresco pero con raiolas de sol que quentaban o corpo e secaba algo o patio para poder sentarnos a papara as castañas.











**Candea,** flor do castiñeiro

## .O RAP DA CASTAÑA

**Retrouxo:**
Castaña, castaña
Do chan se apaña
Metida no ourizo
Non é unha patraña.

Magosto, magosto
Non vaias co posto
Leva castaña
alegra ese corpo. Bis)

**Estrofas:**
Coidado cos dedos
Pódeste picar
O castiñeiro protexe
O seu froito vital.

Apañando con tino
Metendo nun cesto
Deixando secar
A castaña ó solleiro.

Despois de ben secas
Mételle o dente
Ponas ao lume
Para que estén
Ben quentes.

Despois dun tempiño
Están preparadas
Comemos castañas,
Castañas asadas.

Tamén é costume
Furar a tixola
Pra asar as castañas
A tixola mola.

Hai outros que queren
Facelas cocidas
Fiuncho e cachelos
Castañas perdidas.

Non hai desperdicio
Non perdas o tempo
Tan so hai que poñer
En bo uso o peteiro.



# Samaín







# TROMPADA 2019




















Equipos de Dinamización da Lingua Galega






Ola Plastiquina
querémoste saúdar,
o alumnado de Campoplongo
estamos a reciclar.

Os tapóns das botellas
estamos a xuntar
sacamos uns cartiños
para uns nenos curar.

Queremos o planeta
querémolo coidar
e cos nosos xestos
queremos axudar.

Reciclamos o plástico
á hora de merendar
traemos friameiras
que volvemos levar.

Coas botellas baleiras
podemos xuntos traballar
visita como as temos
no xardín vertical.

Temos un planeta
só un e nada máis
non teño recambio
haino que coidar.

Non son grandes cousas
son xestos nada máis,
pero son o principio
un gran xeito de empezar

Ti es Plastiquina
gústache viaxar
leva esta canción
Para todos animar

RAP "PLASTIQUINA"
CEP CAMPOLONGO











Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura · Membro Escola Asociada UNESCO

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

# DESPLASTIFÍCATE





















Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura · Membro Escola Asociada UNESCO

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# O REFRANEIRO DOS PEIXES E A DIETA SAUDÁBEL








No programa **Dálle a lingua** de **Onda Cero Radio**, este ano traballamos algúns **persoeiros das nosas rúas, mulleres astronautas, ditos e curiosidades de artistas** e tamén a "**Dieta Saudábel cos nosos peixes**" , facendo receitas, coñecendo cando están en sazón, como se pescan e buscando a sabiduría do **refraneiro popular**. Velaquí unha mostra. Nas fotos están Paula e Adriana de 5ºB, coas presentadora do programa, e Iago de 5ºA cun chincho e un abadexo na Praza de Abastos de Pontevedra. (Pódense ver 77 fichas de peixes, na blog Ghafos, Etiqueta Peixes).

-A **anguía** en empanada e a lamprea escabechada
-Cando o trigo vai louro o **muxe** vale ouro.
**-Lagosta** e o **cazón**, en maio están en sazón
-Ó escacho, polo abril, non hai máis que lle pedir
-En xaneiro a **faneca** sabe a carneiro
-A faneca i-a **solla**, na caída da folla.
-Non é boa solla a que o pan non molla.
-Pescador que non se molla non comerá moita solla
-Golfins que moito saltan, vento traen e calma espantan
**-Lampreas** en san Xoán, pra o can
-Do mar o "mero" (**cherna)**e da terra o becerro
**-Ollomo**l de xaneiro vale un carneiro
-Mentras canta o cuco, non comas raia nin polvo
-En abril, o salmón para min, no maio para o criado, e no san Xoán para o can.
-Arroases na ría, moita sardiña
-Quen queira mal a unha veciña, déalle en abril sardiña
-Por San Xoán a sardiña pinga ó pan
-A **sardiña** e o porco se voaran máis se estimaban
-Cada sardiña ten a súa espiña
-O **pancho**, tan largo como ancho.
-A **raia** e a perdís, coa man no narís.
-Despois da Ascensión, nin sable nin **salmón.**
-De san Miguel a Santos, nubes de **tranchos**
-Ao **róbalo**, quem o quiser há-de escamá-lo.
-A **troita**, para que guste, ha de tres sete efes: fresca, fría, fiada, frangosa, fea e femia
-Muller costureira e home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro
-A carne, carne cría, ... E o peixe mantente en forma todo o día
-Peixe a remollo non o collo
-Chuva de morriña, nin peixe nin auga nin fariña
-O hóspede e o peixe ós tres días aborre-cen
-Os nabos e os peixes no tempo da xiada crecen

# 6º A gravando para ONDA CERO

# Presentamos curiosidades sobre o mundo da arte...

1.**Leonardo da Vinci** polímata florentino do Renacemento italiano.Foi pintor, anatomista, arquitecto, artista, botánico, científico, escritor, escultor, filósofo, inxenieiro, inventor, músico, poeta e urbanista.MARIO

1.Na obra de **Da Vinci** “ **a última cena”** orixinalmente incluíu os pés de Jesús.Pero o traballo foi tan infravalorado que en 1652 perforouse unha porta na metade da pintura que eliminou os pés de Xesús.ELENA

2. **Yves Klein** artista francés, un dos fundadores do Novo Realismo. Foi , pintor, fotógrafo e judoka e un dos maiores expoñentes da arte contemporánea do século XX. LUIS

2.**Yves Klein** celebrou unha exhibición en París para presentar a súa cor **o azul Klein** e para sorpresa dos visitantes, a galeria estaba valeira e en blanco. Ao dia seguinte da apertura, a xente empezou a mexar en azul debido ao metileno dos cócteles.CLARA

3.**Miguel Ángel Buonarroti** coñecido en español como Miguel Ángel, naceu en Florencia . Foi un arquitecto, escultor e pintor italiano renacentista.SAMUEL

3. A súa obra **“O David”**é unha escultura de mármol blanco de 5,17m de altura.
O bloque de mármol utilizado en1.504, foi cortado en 1.463 por un artista para unha obra que finalmente abandonou.DANIELA

4.**Salvador Dalí** foi un pintor nado en Figueras. Aparte de pintor, foi escultor, grabador, escenógrafo e escritor no século XX.Foi un dos máximos representantes do surrealismo. SARA P.

**4.** .**Dalí** dixo que a idea para os seus icónicos reloxos chegoulle ao ver uns trozos de queixo Camembert derritíndose ao sol.SABELA





5.**Henri Matisse** Pintor francés, máximo representante do fauvismo.A súa obra daba as pautas dun estilo novo que se negaba a ser unha mera imitación da natureza. CARMEN

5.**Le Bateau** ("O barco") de Henri Matisse foi colgado do revés no Museo de Arte Moderno de Nueva York durante 47 días, ata que Genevieve Habert, un corredor de bolsa, se dera conta. DANIEL

6.**Jasper Johns** é un pintor, escultor e artista gráfico estadounidense.(15-5-1930) IZHAM

6.O artista vivo máis caro é Jasper Johns, o seu cadro **“Bandera”(**1958) foi vendido por 110 millóns de €.LEYRE

## VIDA

7.**Pablo Picasso** foi un pintor e escultor español e un dos pintores máis famosos do mundo.Naceu en Málaga .
Ás súas obras máis coñecidas son As señoritas de Avignon e O Guernica.Creador do movemento cubista. AROA

## CURIOSIDADES

7.**AS SEÑORITAS DE AVIGNON** É un cadro cubista de Pablo Picasso.Atópase no MOMA de Nueva York.
Chámase así pola rúa Avignon de Barcelona, non pola cidade francesa de Vaucluse.HUGO

7. O nome completo de **Pablo Picasso** ten 23 palabras: Pablo Diego Jose Francisco de Paula Juan Nepomuceno María de los Remedios Cipriano de la Santísima Trinidad Mártir Patricio Clito Ruíz y Picasso. RODRIGO

8.Jean- **Michel Basquiat** , 22-10-1960 Nueva York.Aos 16 anos ingresa na City-As-School, centro escolar para adolescentes superdotados .Entra en contacto co mundo das drogas, das bandas, do grafiti... de onde saltaria ás galerias de arte.Ás súas obras alcanzarían cifras millonarias.VICTORIA

8. **Jean- Michel Basquiat** en tan só 5 anos pasou de vender postais e camisetas caseiras pola rúa, a ser o artista máis xove que expuxera no Documenta, Kassei, unha das exposicións de arte máis importantes do mundo.Morreu aos 27 anos.ANA

9. **Buda Gautama** máis coñecido como o buda foi un sabio en cuxas ensinanzas fundouse o budismo.Naceu na desaparecida república Saika nas estribacións do Himalaya.SOFÍA

9. Despois de que os talibáns destruirán as antigas estatuas de Buda en 2001, os arqueólogos/as descobriron unha serie de covas antigas con pinturas de fai 1000 anos de antigüidade que plasmaban varias escenas da mitoloxía budista.Crese que son as **pinturas ao óleo máis antigas** que se encontraron. CARLA

10. **Jean Yves Menez** escultor bretón.Gustáballe traballar con pedra, madeira, xeo, neve…. Tallou un bote real nun bloque de granito de de 35 toneladas e logrou facer que flotara eliminando todo o material superfluo. ROMÁN

10. O bote chamado**"Maen Vag"**pode transportar ata 7 pasaxeiros.A peculiaridade desta escultura é que flota. Agora a escultura está exposta no Dol - de - Bretagne . SARA F

11. **Louise Joséphine Bourgeois**, foi unha artista e escultora francesa nacionalizada estadounidense. Coñecida polas súas esculturas de arañas, que lle valeron o apodo de"Muller Araña".ADRIÁN

11.**Louise Bourgeois** estivo en psicoanálise durante máis de 30 anos seguidos.Quedou afectada psicolóxicamente por un trauma infantil despois de vivir os horrores da 1º Guerra Mundial, o cal inspirou a súa obra.MIRIAM

12. **Paul Gauguin** foi un pintor francés de estilo postimpresionista.Tamén foi escritor e escultor.MARIÑA

12.O pintor **Paul Gauguin** foi un dos traballadores do canal de Panamá.Arredor de 25.000 traballadores morreron durante a súa construcción.ADRIANA

# A MIÑA RÚA: LUIS BRAILLE






"Eu vivo no numero 32 dunha pequena rúa preto de Campolongo, mide 227 m . É tranquila, ten na súa veirarrúa dereita casas unifamiliares e na esquerda, ó principio un edificio, e o resto o Club Militar. Somos poucos veciños é como vivir en familia.

**O edificio máis importante da miña rúa é o centro da ONCE**, no número 40. Este complexo que coñecemos como "A escola ONCE" situada ao final da rúa Luis Braille, **foi orixinalmente un proxecto de sanatorio creado polo médico pontevedrés Celestino López** a finais do século XIX, Parece que nunca estivo operativo. Máis tarde apareceron en escena os **Irmáns Maristas,** tomando o control do edificio e creando en 1920 o **Colexio Poliglota Comercial do Sagrado Corazón de Xesús.** Os irmáns maristas ampliaron a súa oferta educativa en 1926 con outras dependencias. En calquera caso, o colexio de Campolongo seguiu sendo o principal referente, ampliando nos anos posteriores as ensinanzas alí impartidas. **No ano 1941**, o administrador do Colexio Marista, **o irmán Vicente Lorenzo,** cedeu a finca de Campolongo unha propiedade duns 22.000 metros cadrados con todas as súas instalacións **ao xefe nacional da ONCE, Javier Gutiérrez Tovar,** a cambio dunha cantidade de **500.000 pesetas.**

O nome da rúa débese a **Louis Braille**, nado preto de París, en xaneiro de 1809 e finado o en xaneiro de1852, **foi famoso pola invención do sistema de escrita para cegos que tamén se chama Braille**. No sistema Braille as letras representanse con grupos de 6 puntos, aliñados en 2 columnas de 3 puntos. Cada letra representase por unha combinación única dalgúns destes puntos en relevo."







Laura B. V. (5ºC)

Os nenos e nenas de 2º de EP iniciamos no primeiro trimestre unha viaxe rumbo ao espazo. Durante a mesma, puidemos descubrir cousas moi interesantes e coñecer a personaxes incribles.

# VALENTINA TERESHKOVA



O nome de Valentina Tereshkova está escrito con letras de ouro na historia da conquista do espazo. Con tan só 26 anos, a moza rusa convertíase na primeira muller que viaxaba ao espazo.
A súa proeza converteuna nunha heroína mundial e en todo un símbolo de igualdade, pois logrou demostrar que homes e mulleres podían lograr os mesmos retos extremos.

A fazaña tivo lugar o 16 de xuño de 1963, en plena competencia entre Estados Unidos e a Unión Soviética por "conquistar" o espazo.
O programa espacial soviético quería investigar as diferenzas entre homes e mulleres nunha contorna carente de gravidade.

Foi seleccionada para levar a cabo dita fazaña de entre un total de catrocentas candidatas polo propio Nikita Kruschev, o máximo líder soviético.

Tereshkova despegou do cosmódromo de Baikonur a bordo da nave *Vostok-6* que, en 70 horas e 50 minutos, completou 48 voltas ao planeta. A astronauta regresou ao planeta convertida en toda unha lenda.

# ROSETTA

É o nome da nave cuxa misión era a de orbitar e aterrar sobre un cometa.
Un cometa é un corpo celeste de xeo, po e rocha que orbitan ao redor do Sol deixando unha cola luminosa de miles de kilómetros, cunha velocidade de máis de 100.000 Km/h.
Chamouse así pola famosa pedra Rosetta, que permitiu descifrar xeroglíficos exipcios hai uns 200 anos.
A nave parece unha gran caixa negra con dous enormes paneis solares aos lados e unha antena parabólica. Levaba a Píale, que é unha pequena nave do tamaño dunha lavadora con arpóns e parafusos para suxetarse ao chan e tomar mostras.

A data do seu lanzamento foi o 2 de marzo de 2004, cun obxectivo: investigar a composición e características do cometa *67P*, posto que podía dar información da orixe do Sistema Solar.

As conclusións obtidas nesta misión apuntan que os cometas son vestixios das primeiras fases da formación do Sistema Solar e tamén informan dos compoñentes que darían lugar aos planetas hai 4.600 anos.





# DÍA DA BIBLIOTECA

A "**Asociación do Libro Infantil e Xuvenil**" propuxo, no ano 1997, a data do 24 de outubro para facer fincapé nos beneficios das bibliotecas ao servizo da lectura, da cultura e da cidadanía.







Cada 24 de outubro no noso colexio celebramos o "**Día da biblioteca**" cunha sesión de contacontos a cargo dun grupo de alumnas de 6ºA, Clara Ageitos, Daniela Álvarez, Sabela Baltar e Carmen Monteagudo.
Elas convertéronse en magníficas contadoras de contos que fixeron as delicias dos máis pequenos do cole na súa primeira visita a biblioteca.







Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura · Membro Escola Asociada UNESCO · Equipos de Dinamización da Lingua Galega · Bibliotecas escolares de Galicia · C.E.P. Campolongo Pontevedra

## EXPERIMENTOS





No 1º Trimestre , como proposta do EDNL, estivemos a investigar como funcionan algunhas cousas, e para iso fixemos esta morea de **experimentos que gravamos** e que podedes ver no blog cole "Ghafos" ou xa directamente con este código QR que tedes nesta páxina.




Atrapados no arroz


A Lata equilibrista


Volcán con vinagre e bicarbonato


**A botella que respira**


**Airbag caseiro**




**Cadro de cores con lacasitos**




**A forza dos espaguetis**


**Un experimento moi san cunha uva e unha pera**


**Globo que non estoupa cando se pincha**


**Escuma de ovo ...**

## EXPERIMENTOS CASEIROS II



Electroimán



Un gato con tripas



Bobina de Tesla



Volcán submarino



Electroimán



O cabalo máxico



Fluído non Newtoiano



Fantasma na botella



Aerodeslizador



A agulla que sinala sempre o norte

**AERODESLIZADOR: PRECISAMOS**: 1- Un CD ou un DVD, un anaco de cartón, un alfinete, tesoiras, unha botella de plástico, pegamento e un globo. **PROCESO**: Recortamos un círculo de cartón e pegámolo no centro do CD de maneira que tape o buraco central. Cun alfinete facemos algúns buracos no cartón. Cortamos a parte superior dunha botella de plástico coas tesoiras. Logo pegamos a parte superior da botella no CD. Para rematar inflamos o globo, retorcémolo para que non se escape o aire e logo encaixámolo na botella. Ao deixar saír o aire do globo o CD desliza sobre unha superficie lisa. **EXPLICACIÓN**: Se deixamos o CD sobre unha superficie lisa cunha pequena inclinación vemos que permanece en repouso. As forzas de rozamento entre o CD e a superficie impiden que o CD móvase. Se damos un lixeiro golpe ao CD detense tras percorrer uns centímetros. Ao desinflarse o globo fórmase unha cámara de aire baixo o CD que reduce o rozamiento por fricción e permite o movemento.

## EXPERIMENTOS CASEIROS III



Lámpada de lava






Como meter un globo nunha botella con calor en frío






Tres candeas e un misterio



Volcán explosivo



O óso de goma




**ATRAPADOS NO ARROZ.** Para facer o noso experimento necesitamos unha moeda, un naipe, unha botella e papel de lixa. Colócase sobre a botella un naipe da baralla e sobre o naipe unha moeda. Se se dá un golpe seco o naipe sairá disparado e a moeda quedará no mesmo sitio. Pero se se substitúe o naipe por unha tarxeta de papel de lixa a moeda sairá disparada. **Explicación :** Cun golpe seco o naipe sae con tanta velocidade que o movemento non se transmite á moeda. A moeda, pola inercia, queda en repouso sobre a botella. Por outra banda, cun naipe a fricción é moi pequena e as forzas de rozamento entre o naipe e a moeda non logran arrastrar a moeda. Pero se se repite o experimento substituíndo o naipe por unha tarxeta de papel de lixa o rozamento é moito maior e o normal será que a moeda salga disparada. Requírese algo de práctica para que o experimento salga ben.






Suri Charlott Manrique Díaz 4ºB







Ximena Bedoya Quiceno 6ºB

Enma Valenzuela Rivas 1ºC









Sara Durán Cons 3ºC




Vitoria Munáiz Canosa 5ºA




Valeria Janeiro Donsión 2ºB

TARXETAS CAÑADORAS

# O Nadal co Apalpador

















O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros.
O CEP Campolongo participa neste curso 2019/20 nas modalidades:

- PDC (Proxecto Deportivo de Centro).
- MILLA DIARIA.
- XOGADE (Deporte escolar e Coñece o meu Club).
- DAFIS ( Plataforma valoración da condición física).



O venres 25 de outubro comezou a escola cunha actividade das que se programaron para as "**Locomotoras de Campolongo**",. A "Milla diaria", da que nós fixemos unha adaptación, chamada "**A Milla Saudábel**". Cada semana, nun día escollido, participou un só nivel escolar (1º, 2º ..). Deste xeito cada nivel fixo a súa milla/s cada 7 semanas. Normalmente celebrouse os venres, agás os de 4º que a fixeron os xoves. Durante 10 min (despois do recreo) cada alumn@ intentou achegarse ó percorrido da milla, para os máis pequen@s marcamos como meta acadar " 1 Estación" (524 m) como mínimo.O obxectivo deste programa foi incrementar o tempo de actividade física nas escolas ademais de facer unha xornada lúdica para tod@s , onde puidemos mellorar, estadal a estadal, as ganas de correr e a nosa saúde. Os primeiros en facer a Milla foron os de 3º, logo seguiron os demais cursos sucesivamente até rematar con 2º curso e logo volver a comezar as quendas.

Este ano decidimos participar nun ambicioso proxecto chamado DAFIS.

QUE É DAFIS ?

**DAFIS, é un protocolo de valoración da Condición Física** que nos permitiu acadar un dos obxectivos principais do noso PDC (Proxecto Deportivo de Centro) «Valorar a condición física para a saúde do alumnado».

**Avaliamos a un total de 295 alumnos/as**, tomando 18 medicións de cada un/ha (xa que nalgunhas probas teñen varios intentos, diferenciando tamén membros superiores-inferiores e dereita-esquerda).

Obtivemos varios informes, a cada neno/a que deu o seu consentimento, entregouselle un **informe individualizado** donde puido **comparar os seus datos** cos obtidos por outros/as nenos/as da súa idade no centro, na localidade, provincia e no resto de Galicia.




*Imaxe das probas que se realizaron*

Analizado o **informe global de centro** destacamos as seguintes conclusións:

- ✓ **O alumnado do CEP Campolongo presenta** a nivel global de centro **unha mellor condición física que os nenos e nenas** da súa idade avaliados **en Galicia**.
- ✓ **O IMC** (Índice de Masa Corporal) do alumnado do centro **está dentro do rango normal**. Non habendo casos significativos de sobrepeso nin obesidade.
- ✓ **Os nenos 8 e 10 anos destacan** de xeito significativo e **as nenas de 10 e 11 anos obtiveron resultados excelentes.**
- ✓ Todas as probas físico-motrices se atopan dentro dos parámetros habituais, se ben é certo que **debemos traballar a resistencia aeróbica en 5º e 6º cursos**. Reforzando tamén as actividades que melloren **a flexibilidade en tódalas idades**.

  Por todo isto marcamos como un **obxectivo nos vindeiros anos, e implantar DAFIS en tódolos niveis,** xa que é un protocolo de valoración da condición física de recoñecido prestixio, que permitirá ver a evolución da condición física e saúde do alumnado durante a súa vida.




HORARIO

| HORA | CATEGORÍA | PERCORRIDO | DISTANCIA |
|---|---|---|---|
| 10:30 | 6º E.P. Fem | 1V. Azul + 1V.Rosa | 1500 m. |
| 10:45 | 6º E.P. Mas | 1V. Azul + 1V.Rosa | 1500 m. |
| 11:00 | 5º E.P. Fem | 1 V. Rosa | 1000 m. |
| 11:10 | 5º E.P. Mas | 1 V. Rosa | 1000 m. |
| 11:20 | 4º E.P. Fem | 1 V. Rosa | 1000 m. |
| 11:30 | 4º E.P. Mas | 1 V. Rosa | 1000 m. |
| 11:40 | 3ºE.P. Fem. | 1 V. Azul | 500 m. |
| 11:50 | 3ºE.P. Mas. | 1 V. Azul | 500 m. |
| 12:00 | 2ºE.P. Fem. | 1 V. Azul | 500 m. |

CROSS ESCOLAR 2020











A Illa dás Esculturas acolleu **o venres 17 de xaneiro** unha nova edición do cros escolar **Campo a través,** no que participaron, por fin con bo tempo, numerosos centros escolares da cidade pontevedresa. A competición, que se se iniciou ás 10.30 horas e finalizou pasadas as 12.30 horas da mañá, reuniu en na Illa das Esculturas de Pontevedra a alumnos e alumnas do CEIP Xunqueira I, Xunqueira II, CPR Sagrado Corazón , CEIP Parada Campañó, CEIP Santo André de Xeve, CEIP Manuel Vidal Portela, CEP Marcón, CEIP Froebel e por suposto o noso, o CEP **Campolongo.** O percorrido, ameno e apto para todos os novos atletas, transcorreu pola contorna da Illa dás Esculturas, un terreo propicio para a práctica do atletismo ao aire libre e no que se adestran normalmente atletas da talla de Javier Gómez Noya e outros moit@s que temos nesta cidade chea de grandes deportistas. Destacamos en xeral a boa organización, e en particular o entusiasmo e a boa participación de tod@s @s da nosa escola, **onde se clasificaron para a Fase Provincial** (sábado 1 de febreiro no parque de Castrelos en Vigo), Alicia P.M e Noelia Q.S. de 5ºB, que acadaron o 8º e 9º posto, e en chicos David F. F. (5ºB) que chegou de 10º.

# UNHA CABANA BEN CHUSQUIÑA!



**Esta é a miña cabana da árbore. Bonita, eh?**

**Está nun bosque con localización secreta, nun lugar precioso onde hai vexetación por todas partes. A miña cabana está situada sobre un carballo centenario con ramas torcidas coma se alguén quixese colocalas para que eu a construíse encima.**

**Está rodeada por un enreixado gris duro como o aceiro (porque é de aceiro), subida a un ferro de taboleiros de madeira, e ese ferro subido a un dos troncos.**

**A cabana é redonda e ten un tellado de cortiza e madeira de carballo, cunha pequena cheminea. As paredes tamén son de taboleiros de madeira de carballo, como todo. Desde fóra vese os cristais verticais e as cortinas de liño que coseu a miña avoa.**

**Cara á dereita da cabana hai un río no que nos bañamos no verán. Ao fondo de todo, á esquerda, teño árbores e máis árbores. Se te achegas un pouco máis á dereita, hai un pequeno claro entre as árbores que permite que lle de directamente a luz.**

**Para terminar, agora que fixen a descrición da miña cabana da árbore, apetéceme revelarvos que está preto do Río Tambre de Os Pasos, en Aiazo, onde a miña avoa ten unha leira.**

**Iago Iglesias Gómez**
**5ºA**

# Entroido



# Quen cortou a orella de Van Gogh?



"Autorretrato coa orella cortada" Van Gogh — Daniel B. D. (6ºA)

"**Vincent Willem Van Gogh** foi un pintor neerlandés, un dos principais expoñentes do postimpresionismo. **Pintou 900 cadros** (entre eles 43 autorretratos e 148 acuarelas) e realizou mais de **1600 debuxos**. Unha figura central na súa vida foi o seu irmán menor Theo, marchante do arte en París, quen lle prestou apoio financeiro de maneira continua e desinteresada. Van Gogh foi esencialmente **autodidacta.** A calidade da súa obra foi recoñecida solo despois da súa morte, nunha exposición retrospectiva en 1890, considerándose na actualidade un dos grandes maestros da historia da pintura. **"A orella de Van Gogh": Cortou a súa orella realmente cunha navalla?** Van Gogh centraba a súa vida arredor dunha persoa esencial para él: **Paul Gauguin.** Unha noite, e durante unha visita a un prostíbulo, Gauguin comentoulle a súa intención de deixalo, non soportaba os seus cambios de humor, as súas excentricidades e debilidades. E aínda máis, **tíñalle medo**. Empezaron a loitar na rúa con espadas, pero Gauguin era un experto en esgrima e, quizá sin querer, pasou o filo demasiado cerca e terminou cercenándo a orella do seu complicado amigo. Van Gogh foise para casa, e ao día seguinte, envolveu nun pañuelo a orella para enviársea a Rachel, unha das prostitutas que solía frecuentar Gauguin. Declarou que era un acto de despeito, e que levado pola loucura el mesmo cortou a orella coa súa propia navalla. **Non desexaba que culparan a Gauguin**, no desexaba por nada do mundo que o seu querido amigo fora xulgado e aínda menos condenado. Pero tal vez, foi así como comezou a súa propia condena, porque tras aquel incidente Paul Gauguin desapareceu para sempre da súa vida, e deixándose vencer pola loucura e a desesperación suicidouse poco tempo despois cun tiro no peito, despidiéndose do seu irmán Theo cunha frase: **A miseria no remata endexamais.** " **Daniel B. D. (6ºA)**

## Outros cadros de Van Gogh






"Retrato de Dr. Gachet" V. van Gogh — Roi J. C. (6ºC)



"Primeiros Pasos" - Van Gogh — Carlos M.M. e Oriana V. F. (6ºC)



Victor D. P. 4ºB — "Autorretrato con sombreiro de palla" Vangogh

Somos o alumnado de 6º A e imos presentarvos o noso traballo do Salón do Libro:
**“Humor na Moda” = “Moda con Humor”**







1º Cada un/unha deseñou un boceto do seu traxe e complementos.






2º Confeccionamos as prendas con material reutilizado e reciclado: roupa, botellas, luces de Nadal, tipp-ex, tubos, goma eva….

E por último desfilamos...

# TRAXES : DE NOITE






## VINTAGE DE DIARIO DE PRAIA






## DE ETIQUETA- DE LUCES - S.DE COPA- DE COLA






# COLECCIÓN 2020 A GATA DO PRADO






## ECONÓMICO - ÉT NICO - CHIÓN - FIN DE ANO






## VISTOSO - MOI MONO - RECICLAXE - DESEñADORA






# PASARELA MODA CAMPOLONGO




Espectacular pasarela do alumnado de 6º A

Moda variada das catro estacións do ano.

# “OS NOSOS CABALEIROS COA MAN NO PEITO”

















Manuel A. D. (4B)




"É un dos máis famosos retratos do **Greco** e un dos retratos españois máis coñecidos no mundo e está no Museo do Prado. É un óleo sobre lenzo pintado entre 1578 e 1580. A persoa retratada, que era de identidade descoñecida, representa a un cabaleiro cristián. A postura da man dereita á beira esquerda do peito parece un xesto de xuramento. Vestido de forma fina e elegante, porta unha espada dourada e amosa a súa riqueza e superioridade social. Actitude, impasible e distante. É un home «de honra» " **Yago M. V-5º B.**

Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
Membro Escola Asociada UNESCO
Equipos de Dinamización da Lingua Galega
Bibliotecas escolares de Galicia
C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA


















Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura

Membro Escola Asociada UNESCO

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia











# CONFINARTE



**Neste inesperado confinamento o alumnado de 6º non deixou de crear arte. Seguindo ao pintor italiano Giuseppe Arcimboldo, famoso polas súas representacións do rostro humano a partir de flores, froitas, plantas... sairon estas grandes obras.**





















# quedamosnacasa



E continúan facendo arte con pinturas naïf.

A pintura naïf (do francés naïf “inxenuo”) caracterízase pola inxenuidade e espontaneidade, así como polas cores brillantes e coloridas. No século XX, este estilo artístico popularizouse da man de certos artistas que imitaron o estilo da arte popular e, incluso, dos debuxos dos/as nenos/as.



























MÉDULAS














# CARBALLO CALERO EN CÓMIC



# 5ºA

## Creamos con Giuseppe Arcimboldo

Emil



Juan Redondo



Sara Bouza



Alexander



Jorge



Laura



Juan Iglesias



Anxo



Iván



Pascual



Sara L.



Iago



Aloia



Judith



Aitor



Carlos Dasilva



Vitoria



Guillermo



Sofía



Lara



Emma



Lía



# O NOSO ECOSISTEMA 5º A

Emma

CUIDA O MUNDO HOXE PARA DESFRUTALO MAÑÁ.



Non perdamos a cabeza
e segamos mellorando,
pois ao fin, e ao cabo,
isto non é vida
se falta o xeado.

Lía





Iago

COSTA POUCO, CONSÉGUESE FÁCIL,
Un mundo mellor para todo habitante

Emil

Non coñeceremos nunca o verdadeiro valor da auga, ata que o pozo esté seco.

Sara L.

Tes que colaborar se o ecosistema queres coidar.



SE TODOS APORTAMOS
TEREMOS UN
FUTURO MELLOR.

Carlos D.

Iván

SE RESPECTAMOS A NATUREZA
ELA RESPECTARANOS.

Juan I.

Se o axudas, axúdache

Coida o ecosistema.

Judith

SE TES UN PAPEL OU UN PLÁSTICO ...
NON O TIRES Ó CHAN ,
TÍRAO Ó CONTENEDOR CORRESPONDENTE,
ASÍ TEREMOS UN MUNDO MELLOR.



COIDA O TEU ECOSISTEMA
CÓIDANOS A TODOS!

Jorge

Aitor

SE COIDAS Á NATUREZA
ELA COIDARATE A TI.

Se coidamos o planeta, el coidaranos.

Pascual



Ao mar non tires o plástico, non é nada fantástico.
Por un marabilloso ecosistema!

Carlos V.

Sara B.

SE NON BOTAMOS O LIXO AO MAR NIN AO CHAN
TEREMOS UN MUNDO XENIAL

Juan R.

Se árbores queres tallar,
logo teralas que replantar!

Alexander

COIDA DO PLANETA!

SE NON TIRAMOS LIXO
ESTAMOS SALVANDO A TERRA

Vitoria

Guillermo

Ao mar non botes o lixo, eu avísote.
Mellores ecosistemas!



Anxo

se coidamos o planeta
viviremos mellor

# Réplicas de cadros famosos

"O Sorriso de Ás Flameantes",1953

Joan Miró

Réplica de Sara López, 5ºA



Réplica de Alexander Pazán, 5ºA

"Muller sentada", 1927

Picasso



# Réplicas de cadros famosos

“O Sono”, 1937

**Réplica de Emil Ghiani, 5ºA**







É O MÁIS UNIVERSAL E POPULAR ARTISTA GALEGO

“Circo”

Orixinal

Laxeiro



# "DÍA DO LIBRO"



Había unha vez
unha escola tola,
había unha vez
unha rara escola,
na que se aceptaban
as respostas tolas.




Que son os sumandos?
Son uns cantos números que están **CANTANDO**
**ACTUANDO**
**XOGANDO**
**PELEXANDO**
**BAILANDO**
**VOANDO**

Di que son os cráteres?
Aqueles furados que teñen os **CADÁVERES**
**VÁTERES**
**CANTARES**
**LUGARES**
**XOGRARES**
**MARES**

Onde está Dublín?
Non podo dicilo porque eu non o **APRENDÍN**
**PERDÍN**
**COLLÍN**
**PEDÍN**
**COMÍN**
**VIN**

Quen foron os Godos?
Foron habitantes que eran todos **GORDOS**
**MORTOS**
**BOBOS**
**LOBOS**
**NOVOS**
**TOLOS**

Que cousa é a masa?
A masa non sei, a mesa ten **GRAXA**
**PATAS**
**SALSA**
**AUGA**
**CASA**
**ASA**

*Aitor*
*Emma*
*Alexander*
*Lara*
*Anxo*
*Judith*
*Carlos D.*
*Jorge*
*Sara B.*

Vivaldi quen era?
Foi quen inventou unha PRIMAVERA
PRADEIRA
CAVEIRA — *Carlos V.*
MELENA
MESA
PERA — *Lía*

Que son os meandros?
As curvas que trazas se mexas ANDANDO — *Guillermo*
CURVANDO
MEDRANDO
CROANDO
BAILANDO — *Sara L.*
XOGANDO

Que é unha muxica?
É a mesma cousa que o seo nome EXPLICA — *Iago*
INDICA
APLICA
SUPLICA — *Juan I.*
IMPLICA
PICA

Que cousa é un canon?
Como un canón mal ACENTUADO — *Vitoria*
FORMADO
REPARADO
COLOCADO — *Iván*
DISPARADO
AFINADO — *Sofía*

Canto vale un quilo?
Depende que sexa de ouro ou de MILLO — *Pascual*
VINILO
ALIÑO
PLATINO
GRILO
FÍO

**5ºA**

E así era a escola
que había unha vez,
onde era moi fácil
sacar máis de dez.



# Martes de Conto na biblioteca

Entre as actividades propostas polo equipo de dinamización da biblioteca para a animación á lectura destacamos "Os Martes de conto" que ten como obxectivo dotar de vida aos libros e os encargados diso son os propios alumnos do centro.



Cristina e Antía



Pablo e Mateo



Violeta e Carlota



Manuela, Martina e Ximena



Elena e Lara



Cecilia



Cada martes os espectadores seguían as lecturas con moito interese





Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# O NOSOS RUEIRO DA CIDADE DE PONTEVEDRA

# CURROS ENRÍQUEZ





Aitor Calvo Bugallo 5A



Naceu en Celanova,Ourense o 15 de setembro do 1851.Foi un poeta e periodista español, **que escribía en lingua galega**. Tivo unha obra lírica que foi unha das pezas básicas do renacemento da literatura galega. Traballou toda a súa vida como **periodista**, polo que quere decir que ser poeta era como un hobbit, para él. Máis tarde **trasladouse a La Habana**. Alí publicou a revista Terra Galega e integrou a redacción do Diario da Marina. Aunque a poesía fora un hobbit, foi co o que chegou lexos. **A súa inspiración eran Rosalíade Castro e Eduardo Pondal principalmente.** Tras súa morte, seus restos foron embarcados para Galicia onde se le tributaron diversos honores. Actualmente está enterrado no cementerio de San Amaro, na Coruña. En 1989 se abriu o primer centro masónico erixido en Galicia co nome de "Renacimiento 15 Curros Enríquez"

Arriba “Curros Enríquez

Abaixo: Fotos Antes e despois









# MAIO 2020 - CONFINADO - I





1.Paseniño ben o Maio
dende a Vella Estación
con pampullos e fiúncho
continuando a tradición.

2.Verde, branco e amarelo,
airexa fresca da ría
co vermello das camelias
cantamos na Ferraría.

3.Para rematar o Maio
puxémos unha coroa
témolo inmunizado
das promesas da Moncloa.

4.Das troulas de Campolongo
imos falar un bocado
dos ximnasios e do Parque
e do río emporcado.

5.O noso patio cuberto
ten un gran competidor
as pingueiras na piscina
caen con moito furor.

6.Sen pulseira e sen permiso
entra auga na piscina
cando veñen as borrascas
o "Be-One" toca a bucina.

7.Arrigaron coa reforma
as tullas e os loureiros
un piñeiro de Oregón
e magnolios estremeiros.

8.Deixaron para cabreo
tres mastodontes nas pistas
as pelotas dos rapaces
quedan no teito coas vistas.

9.Fagan un patio inclusivo
cando se presten pintar
para xogos e deportes
e tamén para patinar.

10.Arelamos ter resposta
nós queremos axudar
co que fagan ou desfagan
nós teremos que lidar.

11.Non esquezan papeleiras
fainos falta reciclar
temos o patio moi vougo
e con pozas de choupar.

12.Continúan os vertidos
non é leite condensada
entre o Pintos e o "Ghafos"
vese auga ben luxada.

13.Leva o río o ENIL
non se nota a diferenza
continúan as denuncias
non se ve unha sentenza.

14.Este ano houbo luces
polas festas de Nadal
non se diga en Campolongo
Non somos da capital!

15.Pontevedra é boa vila
e modelo de cidade
sen os cheirumes da ría
tería máis calidade.

16.Os de ENCE acoplaron
o Himno cun manifesto
a soberbia deste lance
non destaca por honesto.

17.Por pleitos na concesión
non lle sopla vento en popa
hai promesas de goberno
que lle poden dar estopa.

18.Dinamarca ou Dubai
en Cadiz ou en Maputo
o Neymar do Concello
non descansa un minuto.

19.Vinte anos governando
haique darlle a noraboa
este ano foi o Times
quen falou da vila boa.

20.Unha foto hibernando
foi mofa na oposición
escoitando o debate
do estado da nación.

21.Hai reformas ilegais
e obras paralizadas
unhas son por patrimonio
outras tornanse gafadas.

## MAIO 2020 - CONFINADO - II

### Vídeo montaxe dos Cadros Vivos coas Coplas do Maio 2020




**25. Continuamos con ledicia**
**temos un gran razón**
**xa temos a Rosalía**
**nunha gran constelación.**




**26. Foi estrela aquí na terra**
**pouco despois de morrer**
**prende o lume nas almas**
**cando se deixan querer.**




30.Ten un virus a Coroa
que lle enche a carteira
vai de Arabía a Suiza
pola boa sementeira.

Hai outros que son letais
e non veñen de oriente
as bombas que hai en Siria
moitas son de occidente.

Córtanse as relacións
na coroa por vergoña
como é que non se toca
habendo tanta carroña.

Para ser un bo patriota
tes que ter boa madeira
esquecer o das cunetas
e airear a gran bandeira.

Un exame da gran lingua
será o eixe capital
as outras son arcaismos
teñen o pin estatal.

Belcebú o das tebras
anda solto e atacado
as mulleres na igrexa
olen moito patriarcado.

Para mudar de governo
un bispo mandou rezar
os petos corren o risco
de pechar e adelgazar.

Cando o Papa visitou
a cidade de Valencia
moito carto se roubou
con engano e conivencia.

Conseguir algún dereito
é traballo de troianos
a eutanasia está na mesa
a pesar dos franciscanos.

Segue a loita das mulleres
pola vida en igualdade
os abusos nas parellas
aumentan a mortaldade.

En China en once días
hospitais houbo ó chou
aquí no primeiro aviso
o hixiénico colapsou.
…..
Don Felipe mais leticia
en Outubro polo Pilar,
viron en primeira fila
paracaidista aterrar

Resistimos na Galiza
polo apóstolo e a fé
pero iso é mentira
é polo licor café

Lalín, capital o Deza,
febreiro, mes do cocido,
sopa, carne, sobremesas
pra acabar un dixestivo

Ver máis en Ghafos Campolongo, Etiqueta Maios

# O SEGREDO DO CADRO "O VELLO GUITARRISTA CEGO"



O VELLO GUITARRISTA CEGO
Pablo Picasso



NOEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
4º A



O SEGREDO

Patricia P. D (3ºB)





Jacobo B. P. (5ºC)



Martín R. M. (4ºC)

**O VELLO GUITARRISTA CEGO** - Cadro de 1903. En 1998, máis de 90 anos despois da data da pintura, a tecnoloxía de raios X e infravermello, revelou a imaxen sobre a que se pintou "O vello guitarrista cego". Agora, esta nova peza, coñecida como "**a muller agochada**", cunha nova tecnoloxía chamada redes neuronais, reconstruíuse totalmente para reflectir cómo era a obra pintada por Picasso, antes do "Vello guitarrista cego". **Noel R. R. (4ºA)**

# RICARDO CARVALHO CALERO



Ricardo Carvalho Calero foi un home moi importante para a nosa lingua e, este ano 2020, dedícaselle a el o Día das Letras Galegas. Como calquera neno de hoxe en día, eu non o coñecín, pois morreu antes de que eu nacera, no ano 1990. Aquí vou describírvolo nos seus últimos anos de vida.

Ricardo era un home de complexión robusta, ombros amplos e bastante alto, as súas mans eran moi grandes, coma as dun xigante. Nos seus últimos anos faltáballe bastante pelo, e o pouco que tiña era branco. Era de orellas e nariz grandes, coa pel engurrada polos anos e un lunar entre o nariz e a boca que xaceu no seu rostro toda a súa vida.

Era un home intelixente e con moitas calidades, rematou os cinco anos de Dereito en catro. Tamén tiña moitos títulos, por esa razón chegou a catedrático.

Ao mesmo tempo, foi un home valente, a primeira persoa en publicar unha novela en galego despois da guerra civil e na ditadura, cando falar e escribir en galego non estaba ben mirado.

Tiña fama de ser cabezón, de ideas fixas e difícil de convencer. Nunha entrevista que lin da súa filla, dicía que foi un bo pai, pero moi estrito, recto e intransixente.

A Ricardo encantáballe o medio rural, dende pequeno ata a súa morte, polo que estivo encantado de traballar nunha escola rural en Lugo. Iso explícase e enténdese ben no conto das "Pitas Baixo a Choiva", onde redacta unha anécdota da súa infancia.

A súa paixón dende sempre e ao que dedicou toda a súa vida foi o estudo, a cultura e a valoración da Lingua Galega.



Iago Iglesias Gómez

5º A

LETRAS GALEGAS 2020 – RICARDO CARVALHO CALERO - 1




Manuel F. L. (6ºC)

LETRAS GALEGAS 2020 – RICARDO CARVALHO CALERO - 2



# Rúa Eduardo Blanco Amor

Esta rúa recibe o seu nome en honor a Eduardo Blanco Amor, escritor español que escribía en castelán e galego que naceu en Ourense no ano 1897 e morreu en Vigo no ano 1979.
De xoven  emigrou a Arxentina e foi director dunhas cantas revistas e xornais.
Escribiu diferentes xéneros:poesía, narrativa, teatro e ensaio.
Unhas das suas obras máis famosas foron “Horizonte Evadido”, “Los Miedos”, “Romances Galegos” e “A Esmorga”.












# Praza Veiga da Eira

Recibe o seu nome por unha denominación popular. Nun rexistro catastral do Concello foi achado o antigo nome co cal se coñecía á zona, antes de que o Cuartel de Campolongo fora edificado nos anos 20 do século pasado.Ese nome era Veiga da Eira. O acuartelamento militar foi derrubado no ano 2005 e o nome antigo foi recuperado.







Iago  I. G.   5ºA

# “AGASALLOS”

**Para Xoana,**
**un bote de marmelada.**

**Para Carlota,**
**unha inqueda gaivota.**

**Para Juan,**
**un anaco de pan.**

**Para Mariola,**
**unha aventura tola.**

**Para Mateo,**
**as estreliñas do ceo.**

**Para Sofía,**
**a lembranza dun feliz día.**

**Para Laura,**
**a frescura da auga.**

**Para Iliyass,**
**primaveras cálidas e frías.**

**Para Asier,**
**un libro para ler.**

**Para Nikolás,**
**o rechouchío dun paspallás.**

**Para Naryery,**
**unha flor de alelí.**

**Para Noa,**
**o vento que zoa.**













**Para Gabriel,**
**o arrecendo dun caravel.**

**Para Xares,**
**un xogo de malabares.**

**Para Alberto,**
**un emocionante concerto.**

**Para Jacobo,**
**unha viaxe en globo.**

**Para Cristina,**
**un baño na piscina.**

**Para Helena,**
**a amizade dunha nena.**

**Para Irene,**
**unha saia de cor verde.**

**Para Antonio,**
**un doce e profundo soño.**

**Para Anxo,**
**un paseo por Rianxo.**

**Para Alberto,**
**a sombra dun abeto.**

**Para Alejandro,**
**un bizcoito doce e brando.**

**Para Alba,**
**un ramo de flores malva.**

**Para Nicolás,**
**un bico e nada máis.**

**Para as nenas e nenos de 5º C**

UNESCO Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura · Membro Escola Asociada UNESCO

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA






O curso 2019 - 2020 supuxo todo un reto para a sociedade, o noso colexio e as súas familias.
Dende o ANPA de San Xosé de Campolongo, seguiremos traballando para que pronto a nosa comunidade poida voltar á normalidade coa ilusión de cumprir cos novos proxectos.
Ata o próximo curso 2020 - 2021.




anpa SAN XOSÉ
CEP Campolongo

# REVOLTO DE IMAXES

“Arrigaron coa reforma
as tullas e os loureiros
un piñeiro de Oregón
e magnolios estremeiros”




**1. CHOPO . 4. PALMEIRA 6. UN SALGUEIRO 9. PIÑEIRO DE OREGÓN 14. LOUREIROS 25. TUIAS 28, CATALPA**
**Sen numerar na imaxe faltan un xacarandá e todos os magnolios que había na entrada da piscina.**






Arriba, **proposta de como pintar as pistas das Piscinas** e abaixo **“As xoias”** do alumnado de 6ºA polo Entroido. No medio puxemos o virus que pintou **Laura B. V.** (5ºC) . Esperemos que estas mans, símbolo da unión e en forma de conxuro, poidan acorralalo nun futuro próximo e as escolas poidan continuar abertas para gozo de todas las crianzas.

# TAREFAS NO CONFINAMENTO - EDUCACIÓN FÍSICA




CADROS VIVOS 2020
"A dama do armiño"
"A moza da perla"
Johannes Vermeer
Sofía Alén Barrín
(música interpretada por Sofía Alén Barrín)
NENO CON POMBA
de Picasso
Hugo Arias Guimil
4ºC
Alma Couso
La Mona Lisa
"Jacqueline con flores"
P. Picasso
Retrato de home con turbante
Jan Van Eyck
"A bebedora de absenta", Picasso (1901)
'Retrato do Dr. Gachet'
V. van Gogh
"A chiquita piconera"
J. R. de Torres
Clara A. Z.
6ºA
We Can Do It!
"Muller lendo"
Vladimir Volegov
Sara F. S. (6ºA)
"Black Tulip"
Manuela A. M. 6ºB
Pablo García 3ºA
"O fillo do home" R. Magritte
"Cabeza de medusa"
Caravaggio
Noelia Q.S. - 5ºB
DAMA DO ARMIÑO
Cristina M.L.
"Autorretrato"
Frida Kahlo
"Autorretrato"
Diego S. S. - 4ºA
Magritte
Inés F. P. (6ºC)
" O cuarto que escoita"
"Home con turbante vermello"
VAN EYCK JAN
Sofía L. L. (6ºA)
"A Gioconda"
L. da Vinci
Sombreiro de Papel Amarelo
O fillo do home
"O fillo do home"
R. Magritte
Ignacio P. M. A - 4ºB
"O grito"
Edvard Munch
"O grito"
Nicolás P. M. ( 6ºB)
"Nena lendo"
Auguste Renoir
Paula A. M (3ºA)
"Armand Roulin"
Van Gogh Vincent
Pablo P. N. - 6ºC
Andy Warhol



Black Tulip
Manuela A. M.
"Retrato de rapaza" - D. Velázquez
Pablo García 3ºA
A DAMA DO ARMIÑO
A XOVEN DA PERLA
JOHANNES VERMEER
ANA PAZ GONZÁLEZ
CONFINAMENTO
"Fuxindo da crítica"
"Muller lendo"
Vladimir Volegov
"Os emigrantes"
"Mulleres na venta"
Bartolomé Esteban Murillo
Daniela e Martina
6ºA
e
6ºB